

SENDEIRO DE SAN VICENTE

REDE DE SENDEIROS DE PONTE CALDELAS

Adéntrate neste túnel do tempo polos camiños desta paisaxe tradicional bruscamente abandonada, e sinte como a carballeira, en loita coas invasoras, trata de recuperar os seus antigos dominios.

Se te ves con forza, podes achegarte ata a área arqueolóxica de Tourón.

Neste panel tratamos de contarte só algunhas das miles de cousas que podes atopar neste val. Se crees que merece a pena coñecer máis cousas non dudes en consultar a nosa web.



— RUTA — prolongación de ruta — estrada



SINAIS SENDERISMO

— continuidade — dirección equivocada

ETAPAS NO CAMIÑO

- 1 2 Camiño da Torre:** 911 m. Corredoiro empedrada, pode ter auga.
- 2 4 Camiño de carro de Gradín:** 1.300 m. Corredoiro empedrada, pode ter auga.
- 4 5 Pista de Barcala:** 320 m. Pista forestal.
- 5 6 Camiño dos muíños:** 1.450 m. Camiño en parte empedrado, vello camiño de carro de Paradelá.
- 7 8 Camiño da levada:** 1.235 m. Camiño peonil de acceso aos muíños, cruza o rego por unha ponte e percorre nun tramo a vella levada de Gradín.
- 9 10 Camiño de Paradelá:** 197 m. Camiño de carro de Paradelá.
- 10 11 Pista de Barcala:** 1.521 m. Pista forestal.

AS NENAS DINAMITERAS

A pista de Barcala Foi construída nos anos sesenta do século pasado para dar servizo á explotación forestal que se iniciaba neses anos. Para facela empregouse dinamita, e as pedras que voaban caeron no camiño de carro que quedou, así, cortado. Traballaban na forestal moitas mozas, case nenas, das aldeas veciñas. Unha delas perdeu a vida neste arriscado traballo.



UN APARECIDO

Pelo camiño da torre levaban os defuntos a enterrar, portando o cadaleito ao lombo entre familiares e veciños. Aproveitábanse os cruceiros para tomar un respiro, un grollo de viño, e botar uns rezos para facilitarlle o tránsito á alma do finado.



ESTRUME

Cada día as mozas de Gradín e Paradela ían ao monte por estrume. O monte tiña unha importancia crítica no sistema agrario galego tradicional, xa que para manter en cultivo intensivo unha unidade de terreo fai falta unha extensión entre dúas e catro veces maior de produción de toxo.



FESTA RACHADA NO MUIÑO

Os muíños eran centro da vida social e nocturna, así xurdiu a muíneira. Os restos de fariña que caían no río e nas canles de derivación da auga, eran hábitats moi propicios para as troitas, adoitaban ser tan abundantes que se pescaban coa man. As aceñas para recoller auga eran pozas fantásticas para bañarse nas calores do estío.



FAUNA/ aves

esta é só unha pequena mostra da gran variedade de aves que podes atopar neste entorno, quizás as máis fáciles de localizar si tes un pouco de paciencia e saber estar. Tómale o teu tempo e aprende a escoitar os sons deste maravilloso val.



cuco
Cuculus canorus



maucho
Strix aluco



galo
Corvus glandarius



bubela
Upupa epops



peto
Dendrocopos major

VEXETACIÓN

Neste val dispútanse o terreo estas tres especies principais: O carballo, auténtico señor destas terras, crea un bosque que se resiste ante o lume e ten un interesante cortexo de especies acompañantes.

O eucalipto, invasor pioneiro acumula moita materia seca, arde con facilidade, propágase moi ben tras os incendios, é un mal compañeiro de viaxe. Gañará ao carballo se os lumes se repiten con frecuencia.

Acacia negra, gusta de chans ricos e profundos con abundante humidade, por iso despraza ao bosque autóctono nas valgadas, substituíndo a fraga, rica en variedade de especies, por unha masa monoespecífica. É a máis perigosa invasora.



pímeiro
Pinus pinaster



carballo
Quercus robur



eucalipto
Eucalyptus globulus



acacia negra
Acacia melanoxylon

FAUNA/ mamíferos

Os humanos abandonaron este val, os animais agora transitan con máis calma. Achegándose ás leiras e ás casas, trata de descubrir as súas pegadas!!



corzo
Capreolus capreolus



esqriño
Sciurus pusillus



xabarín
Sus scrofa



leirón careto
Elomys quercinus



raposo
Vulpes vulpes



garduña
Genetta genetta

SENDEIRO DE SAN VICENTE

REDE DE SENDEIROS DE PONTE CALDELAS

Neste folleto tratamos de contarte só algunhas das miles de cousas que podes atopar neste val. Se crees que merece a pena coñecer máis cousas non dudes en consultar a nosa web.